



2 Máis de 5.000 persoas obtiveron en Galicia un certificado completo que acredita a súa profesionalidade e que lles abrirá moitas portas no mercado laboral

11 O grupo de traballo do Plan social contra a desigualdade económica avanza na concreción de novas medidas

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiron hoxe a terceira xuntanza deste grupo de traballo

Continúase avanzando na posta en marcha de novas medidas, nesta ocasión, no eido da inclusión e do benestar

Este plan social inscribese nos obxectivos marcados en decembro pola Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2010

8 Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra en xuño 7.919 persoas desempregadas menos que no mes de maio e volve a niveis de paro anteriores a 2011

Sumario

Traballo	2-9	Política social	10-13
Accidentes laborais	7	Xuventude e voluntariado	14-15
Informe do paro rexistrado	8-9	Publicacións e normativa	16-26
As novas extráense da páxina web da Xunta de Galicia www.xunta.es			

Créditos

Edita: Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
Coordinación: Pepa Dabán Royo
Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835



15 O programa 'Galeuropa' permitirá que 500 mozos e mozas realicen prácticas en 31 países europeos cun orzamento dun millón de euros

A Xunta porá en marcha un programa de formación especializado en atención temperá

16 Publicacións

Catálogo de publicacións na web





O titular da Xunta, acompañado pola ministra de Traballo, Fátima Báñez, e pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu o acto de entrega de diplomas e acreditacións oficiais das cualificacións e certificacións de profesionalidade. Autor: Conchi Paz

Feijóo subliña que, desde 2011, máis de 5.000 persoas obtiveron en Galicia un certificado completo que acredita a súa profesionalidade e que lles abrirá moitas portas no mercado laboral

- ▶ Asegura que desde o ano 2009 hai 50.000 persoas con certificado profesional, “que terán máis facilidade para atopar a súa oportunidade laboral” e “que fixeron un enorme esforzo na época da recesión económica para incorporarse no inicio da recuperación no que estamos e ter máis posibilidades”
- ▶ Lembra que, desde que en marzo de 2011 Galicia convocou de forma pioneira o primeiro acceso a estas acreditacións de experiencia profesional, xa se realizaron sete convocatorias -a última en decembro de 2014- e xa se ofertaron preto de 10.000 prazas en distintas especialidades
- ▶ Reitera o dato dado pola ministra de Traballo, segundo o cal o 64% das persoas que teñen o dito certificado atoparon emprego
- ▶ Pon en valor a decisión de que Galicia sexa a sede dun seminario que se celebrará nos vindeiros meses sobre boas prácticas no recoñecemento da experiencia profesional
- ▶ Destaca o convenio que se vai asinar entre a Xunta e o Goberno central para financiar diversas actuacións no ámbito da cualificación profesional
- ▶ Antes da entrega de certificacións de profesionalidade, a conselleira de Traballo e Benestar e a ministra de Emprego e Seguridade Social desprazáranse ata o centro especial de emprego de ‘Trameve’ para visibilizar o labor que realizan as persoas con discapacidade

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2015.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou que, desde o ano 2011, máis de 5.000

persoas obtiveron en Galicia un certificado completo que acredita a súa profesionalidade, a súa preparación e que lles abrirá moitas portas no mercado laboral.

Así o aseguraba o mandatario galego, no acto de entrega de diplomas e acreditacións oficiais das cualificacións e certificacións de profesionalidade, onde estivo acompañado pola ministra de Traballo, Fátima Báñez, e pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato.

Segundo o presidente da Xunta, deses 5.000 candidatos, 1.600 conseguiron na convocatoria actual. Así mesmo, a estes candidatos hai que sumarlle os 45.000 que conseguiron a súa acreditación superando actividades formativas financiadas pola Xunta. Polo tanto, desde o ano 2009 hai 50.000 persoas con certificado profesional, “que terán máis facilidade para atopar a súa oportunidade laboral” e “que fixeron un enorme esforzo na época da recesión económica para incorporarse no inicio da

recuperación no que estamos e ter máis posibilidades” aseverou Feijóo.

Como asegurou o titular da Xunta, correspóndelles ás administracións deseñar as políticas de apoio que permitan reactivar o mercado de traballo e mellorar o acceso a un emprego. Para iso, as políticas teñen que pasar pola formación das persoas pero tamén por un cambio no modelo educativo. Segundo Feijóo, é preciso formar as persoas en función das demandas da sociedade.

De feito, lembrou que o Goberno galego foi capaz de incrementar nun 45% as prazas públicas de formación profesional, é dicir, un total de 20.000 novas prazas. Como subliñou, esa formación profesional é a aposta, desde a educación, o número de persoas novas que traballan en Galicia nos vindeiros anos.

Nesta liña, Feijóo lembrou que o Goberno galego, xa desde xullo de 2010, en plena crise, adoptou un acordo no seo da mesa do diálogo social para que aquelas persoas que estiveran durante anos exercendo un oficio puidesen dispoñer dun certificado oficial que recoñecese a súa cualificación.

Así, desde que en marzo de 2011 Galicia convocou de forma pioneira o primeiro acceso a estas acreditacións de experiencia profesional, xa se realizaron sete convocatorias -a última en decembro de 2014-. Do mesmo xeito, xa se ofertaron preto de 10.000 prazas en especialidades como atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais ou en domicilio, información xuvenil, servizos para o control de pragas, socorrismo en espazos naturais ou en instalacións acuáticas e tamén para profesións como redeiras, operarios de soldadura, transporte sanitario, ou extinción de incendios, entre outras.

Por outra banda, o titular da Xunta reiterou o dato dado pola ministra de Traballo, segundo o cal o 64% das persoas que teñen o dito certificado atoparon emprego.

Cooperación co Ministerio de Emprego e Seguridade Social

Por iso, en vista dos resultados, o presidente asegurou que a vontade da Xunta é seguir nesta liña, aprobando novas convocatorias e fomentando a cooperación co Ministerio de Traballo e Seguridade Social. Con respecto a isto, aludiu ao convenio que se vai asinar entre ambas administracións para financiar diversas actuacións no ámbito da cualificación profesional.

Por outra banda, Feijóo puxo en valor a decisión de que Galicia sexa a sede dun seminario que se celebrará nos vindeiros meses sobre boas prácticas no recoñecemento da experiencia profesional.

Centros especiais de emprego

Antes da entrega de certificacións de profesionalidade, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, desprazáranse ata o centro especial de emprego de ‘Trameve’, no polígono do Tambre, para visibilizar o labor que realizan as persoas con discapacidade e ratificar o compromiso do Goberno con este colectivo, especialmente cos proxectos de inserción laboral.

Neste eido, é preciso destacar que a Xunta incrementou este ano por segundo ano consecutivo o orzamento para a discapacidade, alcanzando en global a cifra de 100 millóns de euros, o que supón un crecemento de preto do 9% nos dous últimos anos. Actualmente, en Galicia hai 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e




A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e a ministra de Emprego e Seguridade Social, Fátima Báñez, visitaron hoxe o centro especial de emprego de ‘Trameve’, no polígono do Tambre. Autor: Xoán Crespo

centros ocupacionais para persoas con discapacidade, que supoñen un mantemento de 52,6 millóns de euros anuais. Desde 2009 créronse 880 prazas para este colectivo, un 20% máis das existentes hai seis anos.

Ademais, en 2015 o departamento destina 17,7 millóns de euros aos programas de emprego para a discapacidade e, preto

da metade dese presuposto, está dedicado a centros especiais de emprego, co obxectivo de subvencionar o traballo de 2.000 persoas con discapacidade en 114 centros de toda Galicia. En concreto, a contía da axuda por cada persoa contratada sitúase nos 322,65 euros mensuais, o que supón o 50 por cento do salario mínimo interprofesional.

<http://traballo.xunta.es/portada-formacion-e-cualificaciones>



O DOG publica a orde para a formación de 1.000 desempregados de longa duración con cargas familiares

- ▶ Esta orde, que se convoca por primeira vez, está dotada con 2,3 millóns de euros e permitirá a posta en marcha de 67 accións formativas
- ▶ Os cursos centraranse en catro ámbitos: aprendizaxe de idiomas; competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC; e obtención de competencias clave e de certificados de profesionalidade
- ▶ Trátase dunha das iniciativas incluídas no 'Plan de activación para o emprego' acordado en xaneiro con patronal e sindicatos.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2015.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica a convocatoria de accións formativas destinada a desempregados de longa duración con cargas familiares. Esta orde, que se convoca por primeira vez, conta cun orzamento de 2,3 millóns de euros, o que permitirá a posta en marcha de 67 accións formativas. Está previsto que o número de beneficiarios ascenda a unhas 1.000 persoas.

Os cursos centraranse en catro ámbitos: aprendizaxe de

idiomas; competencias requiridas polas empresas no ámbito das TIC; obtención de competencias clave; ou adquisición de certificados de profesionalidade. En definitiva, están deseñados para que as persoas sen cualificación adquiran as competencias mínimas para mellorar a súa empregabilidade, e para que os que teñan unha certa cualificación consigan unha formación máis axustada ás necesidades do tecido produtivo.

Trátase dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150505/AnuncioCA05-240415-0008_gl.pdf



Poderán optar ás axudas todas aquelas entidades de formación e centros inscritos e acreditados na Consellería de Traballo, nas especialidades formativas ás que fai referencia e que estean inscritas ou acreditadas na data da publicación da orde. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes.

Esta é unha das medidas incluídas no "Plan de activación para o emprego" para 2015 e 2016, que se acordou en xaneiro con patronal e sindicatos. Esta folia de ruta conta cun total de 10 millóns de euros e seis actuacións, que abarcan

medidas centradas na orientación, formación, recualificación ou recoñecemento da experiencia laboral. Isto combínase cunha medida de protección, a través dunha axuda económica que lles acompaña durante a súa duración, e permite un mellor aproveitamento das medidas de activación.

Ademais, cabe destacar que esta non é a única iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar en materia de formación, que conta tamén coa convocatoria de formación para desempregados, ou a formación dual, entre outras.

Máis do 76 por cento dos participantes nas probas de competencias clave acadaron o aprobado

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar na páxina web os resultados provisionais das probas de nivel 2 e 3 realizadas recentemente en Silleda
- ▶ Estas probas dirixense ás persoas que non posúen os requisitos de formación básicos para acceder aos cursos con certificados de profesionalidade

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015.-

Máis do 76 por cento dos participantes nas probas de competencias clave este ano acadaron o aprobado, segundo consta nos resultados provisionais que a Consellería de Traballo e Benestar vén de publicar na súa páxina web. En concreto, a través do 'buscador de notas' da web xa se poden acceder a estes resultados correspondentes ás probas de competencias clave de nivel 2 e 3 realizadas o pasado 23 de maio no recinto Feiral de Silleda.

Este exames garanten que as persoas posúen os coñecementos e capacidades básicos para

acceder aos cursos de formación que lles permitirá obter un certificado de profesionalidade con carácter oficial e alcance estatal.

A Consellería de Traballo e Benestar coas convocatorias destas probas de competencia clave, reafirmase no seu propósito de fomentar a calidade da formación profesional para o emprego, xa que melloran o perfil profesional das persoas, motivándoas para progresar no eido do emprego e na formación co obxectivo último de acadar a inserción profesional no mercado laboral.

No caso da avaliación do nivel 2, a porcentaxe de aptos chegou

ao 78 por cento de media nas 4 competencias (lingua castelá, lingua galega, matemáticas e lingua inglesa). A área con maior aprobados foi a de lingua castelá, seguida por matemáticas, lingua galega e lingua inglesa.

Pola súa banda, a cifra de aprobados nas probas do nivel 3 foi do 63 por cento. Neste caso, e por orde, as áreas con mellores resultados foron: lingua galega, lingua castelá, matemáticas e inglés.

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>



O programa europeo 'Coopera+' articula medidas para fomentar as cooperativas e a súa consolidación na Eurorrexión

Silleda (Pontevedra), 12 de xuño de 2015.- O programa europeo 'Coopera+' ten por obxectivo articular medidas que contribúan ao fomento das cooperativas e a súa consolidación na Eurorrexión, co fin de xerar máis e mellores empregos en Galicia-Norte de Portugal.

A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, participou nunha xornada técnica de Coopera+ enmarcada no 19º Saló de Alimentación do Atlántico 'Salimat 2015', na Feira Internacional Semana Verde de Galicia. Nela repasáronse os obxectivos acadados ata agora por este proxecto que naceu en 2011 e tratáronse tamén os novos retos da comercialización e internacionalización das cooperativas e as novas perspectivas de financiamento comunitario.

Esta iniciativa persegue promover o sector da economía social en todo o territorio da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e impulsar a súa presenza destacada no mesmo, priorizando as accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

O programa está promovido pola Dirección Xeral de Traballo e

Economía Social, xunto con outros catro socios: a Associação de Desenvolvemento da Região do Alto Tâmega, a Câmara de Comercio de Viana do Castelo e a Universidade Católica Portuguesa.

Entre os resultados acadados neste anos cómpre destacar a realización dun estudo de boas prácticas sobre o emprego cooperativo, que consta de 34 exemplos inspiradores que mostran a capacidade de xeración de emprego das cooperativas, así como a súa vertente social e de apoio ao desenvolvemento sustentable dos territorios.

Así mesmo, neste estudo analizáronse nove casos de éxito de cooperativas de Eurorrexión con diversas áreas de actuación, ou a bolsa de emprego cooperativo, que pretende poñer en contacto a ofertantes e demandantes de traballo no sector.

Presenza na Feira

A Consellería de Traballo e Benestar está presente en Salimat 2015 con dous stands, o do Consello Galego de Cooperativas e o do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, participou nunha xornada técnica de Coopera+ enmarcada no 19º Saló de Alimentación do Atlántico 'Salimat 2015', na 38ª Feira Internacional Semana Verde de Galicia
- ▶ Entre os resultados acadados neste anos cómpre destacar a bolsa de emprego cooperativo que pretende poñer en contacto a ofertantes e demandantes de traballo no sector
- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar está presente en Salimat 2015 con dous stands, o do Consello Galego de Cooperativas e o do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA)

No primeiro participaron diversas sociedades representativas do sector cooperativo galego que expoñen os seus produtos co obxectivo de impulsar as relacións institucionais na Eurorrexión e mellorar a promoción e a comercialización.

En concreto, trátase das 14 seguintes cooperativas galegas: Productores del Campo de Capela, Condado Paradanta, Mel Flor do Xallas, Verín-Biocoop, Vicogalo, Monte Cabalar, Cogal, Pulponor, Anaco, Hortoflor, Bodegas Eidosela, B.C. Jesús Nazareno, Viña Moraima y B.C. Virgen de las Viñas.

No do ISSGA informouse sobre as súas distintas campañas formativas, divulgativas e de sensibilización, con especial dedicación ao sector primario e á

prevención de riscos no manexo do tractor.

Os visitantes tamén puideron acceder ás publicacións elaboradas polo Instituto sobre diferentes temáticas de seguridade e saúde laboral. En particular, presentárase unha nova publicación sobre a prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún que forma parte da colección 'Os Atende' dedicada ao agro e que pode ser consultada na web do ISSGA, <http://issga.xunta.es>.

Coa súa presenza nestes eventos, o ISSGA pretende contribuir á tarefa colectiva da prevención de riscos laborais e concienciar a poboación traballadora, así como á sociedade en xeral, sobre a importancia desta, coa finalidade de impulsar unha auténtica cultura de prevención.

<http://www.cooperamais.org/index.php/es/>



Traballo destina preto de 1,5 millóns de euros para financiar o fomento da prevención de riscos laborais en Galicia

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150610/AnuncioCA05-030615-0002_gl.pdf



- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG no 108, do 10.06.2015) publica esta orde estruturada en dúas liñas
- ▶ A primeira está destinada a programas de formación intersectorial en materia de prevención de riscos laborais de ámbito galego para asociacións patronais e organizacións sindicais de carácter intersectorial, cun importe de 300.000 euros
- ▶ A segunda, para outras accións de fomento da prevención de riscos laborais, conta cun orzamento de 1.170.000 euros
- ▶ Desta última, poden beneficiarse fundacións sectoriais paritarias nadas da negociación colectiva ou de acordos sectoriais, organizacións sindicais e asociacións empresariais tanto de carácter sectorial como intersectorial, asociacións profesionais de traballadores e traballadoras autónomas
- ▶ O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2015.-

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica orde que regula as axudas destinadas ao desenvolvemento de accións de fomento de prevención de riscos laborais en Galicia ao longo de 2015, cun orzamento de preto de 1,5 millóns de euros.

A convocatoria estrutúrase en dúas liñas. A primeira está destinada a programas de formación

intersectorial en materia de prevención de riscos laborais de ámbito galego para asociacións patronais e organizacións sindicais de carácter intersectorial, cun importe de 300.000 euros; e a segunda, para outras accións de fomento da prevención de riscos laborais, cun orzamento de 1.170.000 euros. Desta última, poden beneficiarse fundacións sectoriais paritarias nadas da negociación colectiva ou de

acordos sectoriais, organizacións sindicais e asociacións empresariais tanto de carácter sectorial como intersectorial, asociacións profesionais de traballadores e traballadoras autónomas.

Con estas axudas, os beneficiarios poderán desenvolver estudos e traballos relacionados coa seguridade e a saúde laboral de investigación e prospección para a análise da mellora das condicións de traballo en sectores concretos da actividade económica; de difusión, sensibilización e intercambio de experiencias; gabinetes técnicos sectoriais de difusión normativa e técnica; accións divulgativas de

sensibilización para investimento específico en prevención de riscos laborais; e a realización de materiais e ferramentas prácticas para implantar actuacións nesta materia.

Pódense financiar con cargo a esta orde de convocatoria os gastos derivados de accións realizadas desde o 1 de xaneiro deste ano e ata que rematen, sempre que sexa antes do 31 de outubro. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes. A presentación destas realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.es>.

O ISSGA realizará 10 novos cursos prácticos de formación en salvamento e protección no sector pesqueiro para 150 persoas

- ▶ Os participantes recibirán formación para actuar en caso de accidente e sobre o emprego axeitado do chaleco salvavidas
- ▶ As accións, de carácter gratuito, desenvolveranse entre xuño e setembro e terán lugar nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra
- ▶ Os alumnos visitarán un barco de baixura no que revisarán coa axuda do docente os dispositivos de seguridade, supervivencia ou contra incendios
- ▶ Esta convocatoria de accións formativas complementa a que se desenvolveu en maio e xuño e contou cunha gran participación por parte do sector.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2015.-

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar, vén de abrir o prazo de inscrición para 10 novos cursos prácticos de formación en materia de actuación en caso de accidente e do emprego axeitado do chaleco salvavidas. Tamén se abordarán

outros medios de salvamento e protección no sector pesqueiro.

Estes cursos, nos que participarán un máximo de 15 persoas en cada un deles, enmárcanse dentro dun programa formativo composto por un total de 18 accións formativas. Polo tanto, esta convocatoria complementa a realizada no pasado mes de maio e xuño cunha gran participación por parte do sector.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/formacion/>



- ▶ Do total dos accidentes, 2.124 foron leves, 28 graves e 2 mortais
- ▶ Por sectores, destaca a baixada no sector da pesca, no que os accidentes diminuíron nun 16,49%

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2015.-

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en maio de 2015 aumentou nun 8,13%. Neste mes rexistráronse 2.154 accidentes fronte aos 1.992 rexistrados no mesmo mes do ano anterior. Do total dos accidentes, 2.124 foron accidentes leves, 28 graves e 2 mortais.

Por sectores, diminuíron os accidentes na pesca nun 16,49%, aumentando nos demais: na construción nun 2,69%, na industria nun 4,83%, na agricultura nun 9,28% e nos servizos nun 14,39%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

Galicia rexistrou un total de 2.154 accidentes laborais no mes de maio

Accidentes totais en xornada laboral no mes de maio de 2015:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	73	24	97	77	29	106	5,48	20,83	9,28
Pesca	93	4	97	71	10	81	-23,66	150,00	-16,49
Industria	490	131	621	543	108	651	10,82	-17,56	4,83
Construción	260	0	260	264	3	267	1,54	-	2,69
Servizos	483	434	917	582	487	1.069	20,50	12,21	16,58
Totais	1.399	593	1.992	1.537	637	2.174	9,86	7,42	9,14

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a maio:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	328	116	444	351	128	479	7,01	10,34	7,88
Pesca	523	53	576	401	51	452	-23,33	-3,77	-21,53
Industria	2.057	479	2.536	2.302	516	2.818	11,91	7,72	11,12
Construción	1.165	10	1.175	1.127	12	1.139	-3,26	20,00	-3,06
Servizos	2.469	2.261	4.730	2.713	2.346	5.059	9,88	3,76	6,96
Totais	6.542	2.919	9.461	6.894	3.053	9.947	5,38	4,59	5,14

Accidentes totais por provincias de xaneiro a abril:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	3.028	1.360	4.388	3.063	1.359	4.422	1,16	-0,07	0,77
Lugo	729	315	1.044	719	324	1.043	-1,37	2,86	-0,10
Ourense	680	325	1.005	665	344	1.009	-2,21	5,85	0,40
Pontevedra	2.105	919	3.024	2.447	1.026	3.473	16,25	11,64	14,85
Totais	6.542	2.919	9.461	6.894	3.053	9.947	5,38	4,59	5,14

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>



Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra en xuño 7.919 persoas desempregadas menos que no mes de maio e volve a niveis de paro anteriores a 2011

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2015.- Galicia pechou o mes de xuño con 7.919 persoas desempregadas menos que en maio, o que se traduce en termos porcentuais nunha baixada do 3,34%, segundo os datos do paro rexistrado. Deste xeito, o número de inscritos nas oficinas de emprego sitúase actualmente nas 229.062 persoas.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, destacou que se trata da quinta baixada intermensual no que vai de ano “e a maior de todas elas, tanto en termos absolutos como relativos”. Ademais, Galicia “volve

comportarse mellor” que a media estatal, tanto a nivel mensual como interanual.

Ao respecto, Díaz López resaltou que xa se acumulan vinte baixadas consecutivas interanuais desde novembro de 2013. Ademais, este mes de xuño rexistrou o segundo maior descenso interanual, en termos absolutos e relativos, de toda a serie histórica (estadísticas desde 1996). En concreto, o descenso con respecto a xuño do ano anterior foi de 23.248 persoas desempregadas, un -9,21 por cento. Grazas a este comportamento, Galicia volve a niveis de paro

inferiores aos que existían en 2011, isto é, “hoxe temos menos inscritos nas oficinas dos que había hai catro anos”.

En España, o desemprego baixou en 94.727 persoas, un 2,25 por cento, ata situarse nos 4.120.304 parados. En termos interanuais, o paro en España diminuíu nun 7,40%.

Por sectores, o desemprego descende en todos eles, pero a principal diminución destes mes concéntrase no sector servizos (-4.397). A continuación sitúase a construción (-1.116), que é, ademais, o sector económico que presenta un maior descenso

en termos relativos. Séguenlle a industria (-1.072), o colectivo sen emprego anterior (-1.027), e a agricultura e a pesca (-307)

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, especialmente en Pontevedra (-3.513), seguida pola Coruña (-3.007), Ourense (-881) e Lugo (-518).

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 85.271 contratos, 16.998 máis que no mes anterior. Deste total, 5.802 foron indefinidos (6,81%), e 79.469 temporais (93,19%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 14,89%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	90.200	-3.007	-3,23	-8.444	-8,56
Lugo	22.465	-518	-2,25	-2.364	-9,52
Ourense	25.559	-881	-3,33	-1.980	-7,19
Pontevedra	90.838	-3.513	-3,72	-10.460	-10,33
Galicia	229.062	-7.919	-3,34	-23.248	-9,21
España	4.120.304	-94.727	-2,25	-329.397	-7,40

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
A Coruña	41.487	48.713	90.200
Lugo	10.873	11.592	22.465
Ourense	11.786	13.773	25.559
Pontevedra	41.065	49.773	90.838
Galicia	105.211	123.851	229.062
España	1.877.698	2.242.606	4.120.304

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
A Coruña	4.192	86.008	90.200
Lugo	1.162	21.303	22.465
Ourense	1.438	24.121	25.559
Pontevedra	4.685	86.153	90.838
Galicia	11.477	217.585	229.062
España	344.464	3.775.840	4.120.304

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	1.001.744	-4.847	-0,48	-21.242	-2,08
Aragón	92.829	-2.718	-2,84	-6.007	-6,08
Asturias	89.222	-3.564	-3,84	-6.126	-6,42
Illes Balears	55.508	-3.324	-5,65	-7.070	-11,30
Canarias	248.223	-3.718	-1,48	-21.836	-8,09
Cantabria	43.208	-1.387	-3,11	-5.928	-12,06
Castilla-La Mancha	215.225	-6.791	-3,06	-23.670	-9,91
Castilla y León	193.004	-8.255	-4,10	-25.615	-11,72
Catalunya	510.947	-20.952	-3,94	-59.267	-10,39
Valencia	481.623	-6.748	-1,38	-45.617	-8,65
Extremadura	122.840	-1.518	-1,22	-11.810	-8,77
Galicia	229.062	-7.919	-3,34	-23.248	-9,21
Madrid	461.094	-14.090	-2,97	-44.334	-8,77
Murcia	127.832	-2.781	-2,13	-9.580	-6,97
Navarra	42.911	-1.765	-3,95	-4.196	-8,91
País Vasco	156.905	-4.602	-2,85	-10.859	-6,47
La Rioja	22.022	-287	-1,29	-2.716	-10,98
Ceuta	13.730	355	2,65	768	5,93
Melilla	12.375	184	1,51	-1.044	-7,78
TOTAL	4.120.304	-94.727	-2,25	-329.397	-7,40

Fonte: SEPE, 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)



As entidades de iniciativa social xa poden solicitar as axudas da Xunta que ascenden a 5,2 millóns de euros, un 40% máis que en 2014

- ▶ A orde de subvencións, que xa saíu publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG), está destinada a axudar a manter os distintos centros de inclusión social destes colectivos, así como a promover proxectos de inclusión sociolaboral destinados a persoas en risco de exclusión
- ▶ Reservaranse 2 millóns de euros para albergues, comedores e centros de acollida, o que permitirá garantir de novo a subvención a todos eles sempre que estean autorizados
- ▶ Por primeira vez esta orde será plurianual co fin de facilitar a execución e xustificación das distintas accións, e para responder así á demanda das propias entidades.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150610/AnuncioCA05-020615-0001_gl.pdf



unificación permite unha maior axilidade na tramitación dos expedientes.

Estas axudas apoiarán a execución de distintas actuacións. En primeiro lugar, aquelas accións dirixidas á cobertura de necesidades básicas, a través de subvencións aos centros de inclusión e emerxencia social (albergues, centros de acollida, comedores sociais...).

Ademais, tamén se investirá, nun 80% con fondos da Unión Europea a través do FSE, en proxectos de carácter innovador ou complementarios aos servizos sociais comunitarios básicos (programas de convivencia alternativa, de fomento da cooperación...); e na atención para a inclusión social e acceso ao mercado laboral das persoas en risco de exclusión social (itinerarios de inclusión sociolaboral, apoio á conciliación...) ou para a poboación inmigrante (mellora das competencias, formación lingüística...).

Exclusión territorial

Por outra parte, préstase atención ao compoñente territorial das dinámicas de exclusión, subvencionando actuacións en territorios que padezan exclusión territorial severa por causa da dispersión, perda de poboación e/ou dificultades de comunicación.

Por último, cabe destacar que, dentro das accións subvencionables, darase especial relevancia aos procesos vinculados á inclusión social activa, en consonancia co que se recolle na Estratexia para a inclusión de Galicia 2014-2020, que conta con máis de 300 medidas e un orzamento global de 521 millóns de euros.

Esta orde de axudas inscribese na aposta do Goberno galego pola inclusión social, que se reforza cada ano. A partida destinada ás persoas e grupos de poboación en situación ou risco de exclusión social conta neste exercicio cuns 70 millóns de euros, un 17,7 por cento máis que en 2014.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-inclusion>



O grupo de traballo do Plan social contra a desigualdade económica avanza na concreción de novas medidas



Autor: Conchi Paz

Santiago de Compostela, 29 de xuño de 2015.- O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiron unha nova xuntanza -a terceira- do grupo de traballo interdepartamental encargado de avanzar na concreción do Plan social contra a desigualdade económica, anunciado o pasado 11 de xuño.

Os membros do grupo de traballo seguen afondando na concreción de medidas que se incluírán neste documento para posteriormente remitirlos a entidades sociais e concellos, de xeito que se poida abrir un diálogo para continuar definindo novas actuacións a partir do documento base que acorden todos os departamentos da Xunta.

Na xuntanza de hoxe, aboráronse medidas relacionadas coa área de servizos sociais que se prevén presentar no mes de xullo. É preciso lembrar que o Goberno galego quere co Plan social de loita contra a desigualdade continuar apoiando con maior intensidade ás familias con ingresos máis baixos ou ás que a crise teña afectado en maior medida, como poden ser as monoparentais.

Polo tanto, seguiranse incrementando as axudas ás familias galegas con necesidades nos seus recursos básicos, como tamén é o

caso da educación. Neste eido, é preciso lembrar que ademais das axudas que a Xunta ten posto en marcha para a adquisición dos libros de texto, o presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, anunciou a semana pasada unha nova liña de axudas para a adquisición de material escolar, que tamén forma parte deste Plan Social contra a desigualdade económica. Con esta medida porase a disposición das familias con menos recursos unha nova liña de axudas para a adquisición de material escolar, que suporá para os beneficiarios un cheque de 50 euros por alumno e que se poderá cambiar en calquera librería. A iniciativa está dirixida a familias cunha renda per cápita inferior a 5.400 euros anuais por cada membro da unidade familiar.

Outras medidas xa anunciadas e que se contemplarán no plan son a ampliación de bonificacións para o copagamento de medicamentos e outras actuacións referidas á vivenda, como a ampliación do programa Reconduce a aquelas persoas que están en risco de desafuzamento por falta de pagamento de aluguer e o inicio da tramitación dun decreto que permita crear o rexistro de vivendas baleiras de Galicia.

O plan, en definitiva, busca ampliar o "colectivo diana" das políticas de inclusión e prestar unha especial

- ▶ O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiron a terceira xuntanza deste grupo de traballo
- ▶ Continúase avanzando na posta en marcha de novas medidas, nesta ocasión, no eido da inclusión e do benestar
- ▶ Este plan social inscribese nos obxectivos marcados en decembro pola Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020

atención a aqueles casos que presenten carencias, aínda que contengan un emprego ou mesmo superen os límites de ingresos familiares que establecen prestacións como a Renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

Estratexia de inclusión social

En definitiva, o obxectivo deste Plan é continuar avanzando na loita contra a exclusión social, facendo especial fincapé na prevención destas situacións. O documento está deseñado de acordo cos obxectivos que establece a Estratexia

de inclusión social de Galicia 2014-2020, aprobada en decembro con 300 medidas concretas e un orzamento de máis de 520 millóns de euros.

Precisamente, a Estratexia recollía medidas específicas para familias con menores ao seu cargo en situación de risco, ou monoparentais, que constitúe tamén un dos colectivos prioritarios deste plan social. Entre outras propostas de actuacións, destaca o establecemento dun anticipo das axudas de inclusión social para adquirir produtos de primeira necesidade destinado a axudar a estas familias.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/estratexia_inclusion_social_galicia_2014_2020.pdf



Benestar inviste máis de 1,7 millóns de euros en financiar os programas de inclusión social dos concellos

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 116, do 22.06.2015) publica esta orde de axudas, que aumenta o seu orzamento con respecto ao ano pasado
- ▶ Apoiaranse programas de inclusión social dirixidos á poboación xitana, inmigrante e ás persoas en risco de exclusión beneficiarias da RISGA
- ▶ Entre outras accións, desenvolveranse itinerarios personalizados de inserción, accións de reforzo educativo e asesoramento personalizado.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2015/20150622/AnuncioCA05-120615-0004_gl.pdf



Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2015.-

A Consellería de Traballo e Benestar investirá este ano máis de 1,7 millóns de euros en financiar os programas de inclusión social que desenvolven os concellos galegos. Con este orzamento, apóianse aquelas iniciativas dirixidas á poboación xitana, inmigrante, e a persoas en risco de exclusión beneficiarias da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA). Este ano volve aumentar o orzamento destinado a este fin, ao pasar dos 1,6 millóns do 2014 a superar os 1,7 millóns neste exercicio

O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica esa orde, cuxo

prazo de solicitude se abrirá mañá e se prolongará durante un mes. O investimento desta convocatoria está distribuído do seguinte xeito: 650.000 euros para a comunidade xitana, 306.652 euros para a poboación inmigrante, e 779.831 euros para os beneficiarios da RISGA.

En liñas xerais, a convocatoria prevé financiar as seguintes actuacións: itinerarios personalizados de inclusión sociolaboral; intervencións educacionais para mellorar as condicións residenciais das persoas ou familias incorporadas a procesos de realoxamento, erradicación do chabolismo, ou

con carencias básicas no fogar; accións educativas enfocadas aos menores; asesoramento técnico especializado; e apoio ás persoas inmigrantes no relativo á realización dos trámites precisos nas autorizacións e renovacións de residencia e traballo.

Ao abeiro destas liñas principais de traballo cos colectivos beneficiarios, levaranse a cabo medidas máis concretas como cursos de alfabetización dixital, accións formativas para obter certificados de profesionalidade, orientación e apoio ao alumnado, ou aprendizaxe de linguas para a poboación inmigrante, entre outros.

O obxectivo último de todas estas actuacións é acadar a inserción sociolaboral destes colectivos.

Esta orde de axudas inscribese na aposta do Goberno galego pola inclusión social, que se reforza cada ano. Este mesmo mes tamén se publicou no Diario Oficial de Galicia (DOG) a orde dirixida a entidades de iniciativa social, dotada con 5,2 millóns de euros, un 40 por cento máis que en 2014. En total, a partida destinada ás persoas e grupos de poboación en situación ou risco de exclusión social conta neste exercicio cuns 70 millóns de euros, un 17,7 por cento máis que en 2014.

Mato apela á responsabilidade das empresas coas persoas con diversidade funcional para acadar unha accesibilidade universal

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asistiu en Santiago á presentación do programa Ford Adapta que se desenvolve en colaboración coa Fundación ONCE
- ▶ Mato lembrou o “firme compromiso” da Xunta coas persoas con discapacidade resaltando a actualización da Lei de Accesibilidade de Galicia que entrou en vigor este ano
- ▶ O Goberno galego incrementou por segundo ano consecutivo o orzamento para a discapacidade que alcanzou en 2015 os 100 millóns de euros.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2015.-

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apelou á responsabilidade das empresas coas persoas con diversidade funcional na presentación en Santiago do programa Ford Adapta que esta firma multinacional está a desenvolver en colaboración coa Fundación ONCE. A titular de Benestar destacou a importancia de contar en Galicia cun tecido empresarial

responsable coa sociedade para acadar unha accesibilidade universal.

O programa Ford Adapta pretende contribuír a acadar unha accesibilidade e mobilidade universal e, polo tanto, dar un paso máis na integración e inclusión das persoas con discapacidade.

Estes mesmos obxectivos, segundo explicou Mato, son compartidos e son prioritarios para o Goberno galego, lembrando o



Autor: Conchi Paz

“firme compromiso” da Xunta coas persoas con discapacidade.

Así, sinalou que este mesmo ano entrou en vigor a actualización da Lei de accesibilidade de Galicia que a Xunta levou a cabo en consenso coas principais entidades que traballan neste eido.

O obxectivo deste marco lexislativo é acadar unha accesibilidade universal, que supere o concepto tradicional das barreiras arquitectónicas, regulando, por exemplo, o ámbito das novas tecnoloxías da comunicación.

A Xunta porá en marcha un programa de formación especializado en atención temperá

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2015.-

Os departamentos autonómicos de Traballo e Benestar; Sanidade; e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veñen de asinar un convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para a posta en marcha dun programa de formación especializado en atención temperá. As diferentes actuacións, que se iniciarán no último cuadrimestre do ano, irán dirixidas ao persoal das tres consellerías, do Sergas e dos servizos sociais comunitarios vinculados coa atención temperá.

A iniciativa do Goberno galego ten por obxectivo facilitar aos profesionais que traballan no ámbito da atención temperá, tanto na fase de detección, como na de intervención, coñecementos relacionados tanto co novo marco normativo, como tamén co protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá, que foi aprobado polo Consello Autonómico de Atención Temperá en decembro de 2014.

Entre as actividades que se inclúen no convenio destacan cursos de formación, xornadas, seminarios e outras actuacións de divulgación como a edición conxunta de libros, materiais e documentos de traballo. Así mesmo, promoverase a actividade investigadora en materia de atención temperá das institucións asinantes mediante proxectos de investigación conxuntos.

O prazo de matrícula para participar nestas accións formativas estará aberto durante todo o mes de xullo. Na última semana de setembro terá lugar a primeira acción formativa -unha xornada de 4 horas- en Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra; en outubro levarase a cabo a segunda acción en Santiago cunha duración de 20 horas; e en novembro haberá unha terceira actividade, tamén de 20 horas e en Santiago de Compostela.

Axenda de atención temperá

A promoción da realización dun plan anual de formación continua en relación coa atención temperá é un dos obxectivos da Axenda da atención temperá en Galicia 2015-2017. A axenda contén sete liñas estratéxicas: información e sensibilización; formación; planificación e programación; coordinación para o desenvolvemento do proceso asistencial integrado de atención temperá; participación e apoio familiar; innovación e investigación; e calidade. Estas liñas inclúen 40 obxectivos e 68 actuacións.

Entre os obxectivos e actuacións da primeira liña estratéxica (información e sensibilización) destacan a sensibilización da sociedade coa publicación e difusión de folletos informativos ou a realización de accións de información dirixidas á cidadanía sobre dereitos, prestacións e recursos existentes na rede de atención temperá.

En formación, ademais do programa anual, inclúese, entre outros, a realización de obradoiros prácticos dirixidos a persoal sanitario sobre habilidades para a detección precoz da atención temperá e intervención cos pacientes e as súas familias.

Na liña 3 de planificación e programación resaltan o deseño dunha ferramenta destinada ao persoal coidador das escolas infantís e ao do programa de intervención familiar dos servizos sociais comunitarios para a identificación de casos de trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo; a promoción de actuacións que deben levarse a cabo segundo as necesidades territoriais ou a mellora da coordinación dos recursos existentes que permitan unha atención temperá máis integral e coordinada.

En coordinación para o desenvolvemento do proceso asistencial integrado de atención temperá inclúense actuacións para garantir o

- ▶ As consellerías de Traballo e Benestar; Sanidade; e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veñen de asinar un convenio de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP)
- ▶ A formación, que se desenvolverá no último cuadrimestre deste ano, está dirixida a persoal dos sistemas públicos de sanidade, servizos sociais e educación que traballen no ámbito da atención temperá, así como aos profesionais dos servizos sociais comunitarios
- ▶ A realización dun plan anual de formación continua é un dos obxectivos da Axenda de atención temperá en Galicia 2015-2017

tránsito máis axeitado de saída da rede de atención temperá cara os servizos que lle sexan necesarios aos nenos e nenas maiores de 6 anos con trastorno no desenvolvemento ou a implantación dun protocolo de retorno ao fogar desde a atención hospitalaria á de primaria.

Participación e apoio familiar

Na liña estratéxica 5, participación e apoio familiar, potenciárase que as familias dispoñan da información precisa para o acceso aos servizos e recursos aos que teñan dereito ou promoveranse espazos de convivencia, respiro e de prevención de situacións de sobrecarga para familias ou persoas coidadoras. Poranse en marcha medidas para achegar os servizos de atención temperá ao domicilio naqueles casos que o requiran e adoptaranse medidas de respiro a través de programas de vacacións asistidas ou xornadas familiares interactivas.

En innovación e investigación colaborárase cos departamentos das universidades galegas que estean vinculados á formación e á investigación en materia de atención temperá ou potenciárase o uso, desenvolvemento e a difusión de produtos de apoio.

Por último, a través da liña estratéxica 7, calidade, garantiranse, entre outros, os estándares de calidade propostos polo Consello Autonómico de Atención Temperá coa elaboración e publicación dunha guía de boas prácticas ou a adopción dun sistema de xestión de calidade común para toda a rede de atención temperá.

A atención temperá incide directamente nos nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos de desenvolvemento ou risco de padecelos e no benestar das súas familias, polo que a posta en marcha da Rede significa un xeito uniforme de traballar que garante a homoxeneidade na abordaxe da atención temperá.

http://benestar.xunta.es/export/sites/default/Benestar/Biblioteca/Documentos/Plans_e_programas/PLAN_DE_FORMACION_EN_ATENCION_TEMPERA-2015.pdf



PLAN DE FORMACIÓN EN ATENCIÓN TEMPERÁ 2015

Un total de 362 mozos e mozas de 75 centros educativos participan no programa de Xuventude 'correspondentes 3.0'

- ▶ A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, entregou no complexo xuvenil As Mariñas de Gandarío os diplomas aos participantes na xuntanza dos Correspondentes Xuvenís 3.0
- ▶ Esta acreditación de educación non formal é un valor engadido para o currículo, que cada vez se valora máis en Europa
- ▶ Os correspondentes son mediadores ou axentes de información xuvenil entre iguais.

Bergondo (A Coruña), 19 de xuño de 2015.- Un total de 80 mozos e mozas de 22 centros educativos de Galicia participaron no Complexo Xuvenil As Mariñas de Gandarío nunha xuntanza de confraternidade do programa Correspondentes Xuvenís 3.0 da Consellería de Traballo e Benestar.

A directora xeral de Xuventude e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou os participantes nesta xuntanza e entregoulles un certificado que acredita que estiveron como voluntarios xuvenís realizando as tarefas de correspondentes. Esta acreditación de educación non formal é un valor engadido para o seu currículo, que cada vez se valora máis en Europa, tal e como sinalou Vázquez.

A responsable da área de Xuventude destacou, ademais, que o modelo de correspondentes permite descentralizar a información xuvenil para achegala aos mozos e mozas dun xeito máis directo a través dos seus propios compañeiros, e que o obxectivo da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado é o de trasladar este programa a outras cidades e vilas.

Neste curso escolar participaron 362 correspondentes xuvenís, distribuídos entre 75 institutos de Galicia e as tres residencias xuvenís dependentes de Xuventude.

Vázquez agradeceu o traballo desenvolvido neste último curso escolar e animounos tanto a seguir liderando a difusión da información xuvenil, como tamén a detectar e trasladar á administración as demandas e necesidades dos mozos e mozas do seu instituto.

Os alumnos e alumnas participantes neste encontro son dos seguintes institutos: de Santiago, o IES de Sar; Eduardo Pondal; Antón Fraguas; Xelmírez; e o colexio Cluny; o IES Saturnino Montojo de Ferrol; o IES Colmeiro de Silleda; o IES Basanta Silva de Vilalba; os institutos Montecarrasco; Casa da Virxe; e Rodeira de Cangas; os IES Fernando Wirtz; Adomideras; Salvador de Madariaga; e Eusebio da Guarda; o IES A Pinguela de Monforte; os IES San Tomé do Freixeiro; e Manuel Antonio de Vigo; o IES de Poio; o IES Francisco Aguiar de Betanzos; o IES Luis Seoane de Pontevedra; e o CIFP A Farixa de Ourense.

O programa Correspondentes Xuvenís 3.0 púxose en marcha o curso pasado de maneira experimental, e ten como principal obxectivo difundir a información xuvenil, a través de iguais, entre os estudantes dos institutos de secundaria.



Os correspondentes reciben semanalmente un boletín informativo que se elabora no centro coordinador de información xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, así como folletos e outro material de interese. A través de diferentes medios, como un taboleiro no propio instituto, blogs e redes sociais, o correspondente difunde a información entre os seus compañeiros do instituto.

O boletín contén todos aqueles temas que poden ser de interese para os mozos e mozas, como becas e axudas, ofertas de traballo, recursos e direccións de interese, aloxamentos xuvenís, ocio e tempo libre.

Así mesmo, eles difunden a información que xera o propio centro

(certames, concursos, viaxes...) o que dá visibilidade ás actuacións do instituto e poden ser exemplos de boas prácticas para seguir por outros centros ou entidades xuvenís.

En definitiva, os correspondentes son realmente uns mediadores ou axentes de información xuvenil entre iguais, o que redonda nunha mellor acollida da información por parte dos compañeiros, ao sentirse máis identificados coa temática cando non é un adulto quen o informa.

